



IMPLANTACIÓN DEFINITIVA DE LEXNET (CARNÉ COLEXIAL CON SINATURA DIXITAL)

O Ministerio de Xustiza anunciou que **a partir do 1 de xaneiro de 2016** os profesionais da xustiza (avogados e procuradores) e os órganos xudiciais **estarán obrigados a empregar os sistemas telemáticos (Lexnet)** para presentar escritos e documentos, así como para realizar notificacións procesuais, usando para iso o carné colexial con sinatura dixital (ACA) que os acredita como avogados.

A partir do 1 de xaneiro de 2016 avogados e procuradores só poderán comunicarse cos órganos xudiciais por vía telemática mediante o sistema informático Lexnet e para iso será imprescindible contar co carné colexial dotado de sinatura dixital.

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela leva varios anos adherido ao proxecto ACA (autoridade de certificación da avogacía) xestionado por Red Abogacía e o noso carné colexial xa leva incorporada a sinatura dixital. Por medio deste carné xa se permitía realizar actuacións telemáticas ante a Axencia Tributaria, a Tesouraría da Seguridade Social, a Dirección Xeral de Tráfico e moitas outras administracións.

Non obstante, aínda hai un número importante de colexiados que non dispón deste carné colexial ou que non o ten activado. Agora mesmo, dun total de 830 letrados exercentes residentes, **só 305 teñen o carné activado** e en vigor. Polo tanto, recomendámoslles a todos estes colexiados que aínda non dispoñan do dito carné que se poñan en contacto coa secretaría do Colexio para solicitalo.

Trámites para crear o carné colexial con sinatura dixital

1. Solicitar o carné na secretaría do colexio e achegar unha fotografía en tamaño carné.
2. Unha vez impreso o carné dixital, será citado no colexio para recollelo, activalo e recibir unha pequena demostración práctica sobre o seu funcionamento.
3. Custo: 20 euros (é a taxa que se paga ao CGAE pola tarxeta con chip incorporado), que se aboarán xunto coa solicitude.

Proximamente organizaranse cursos prácticos sobre o funcionamento de Lexnet. Esta formación será impartida por técnicos do Consejo General de la Abogacía Española.

Experiencia piloto nas xurisdicións contencioso-adm. e laboral

Durante este mes de xuño o Colexio porá en marcha unha experiencia piloto con 20 letrados (que teñan o carné activado e en uso), que se levará a cabo nas xurisdicións contencioso-administrativa e laboral (nas que non se require da intervención de procurador) co fin de probar o funcionamento de Lexnet e, en particular, do sistema de recepción das notificacións.

Importante: proceso de solicitude e activación

Para todos os colexiados que aínda non dispoñen do carné colexial, queremos reiterarvos a importancia e a necesidade de tramitar a súa activación canto antes para evitar que se sature a prestación deste servizo a finais do ano.